

## H. Clinton en Asia

*Xulio Ríos* (Xornal de Galicia, 22/02/2009)

Ata tres cuestións cabe salientar do percorrido de Hillary Clinton por Asia, que hoxe remata. En primeiro lugar, a propia elección desta parte do mundo como destino da primeira viaxe ao exterior da secretaria de Estado norteamericana, todo un xesto que dá conta do crecente peso desta rexión na economía e sociedade globais. A práctica habitual consistía en visitar os socios tradicionais europeos ou o Medio Oriente. Rice, por exemplo, visitara París e Berlín.

En segundo lugar, a revalidación da súa alianza con Tokio, primeira parada da súa xira asiática, onde, por primeira vez, manifestou interese en reunirse con Ozawa Ichiro, líder da principal forza opositora, adiantándose a ese máis que probable cambio no goberno xaponés, que pechará o longo ciclo político iniciado na posguerra. O Partido Democrático, maioritario xa na Cámara Alta, non oculta diverxencias con Washington en temas importantes como o litixio nuclear norcoreano e rexeita unha intensificación do apoio nipón á guerra de Afganistán. A decadencia do Partido Liberal e a revalorización da significación rexional e global de China abrirán un novo tempo político en Tokio.

En terceiro lugar, a importancia concedida a China, cunha tripla novidade: a recuperación dos intercambios en materia de defensa, paralizados dende outubro de 2008; a reafirmación do carácter crucial das súas relacións bilaterais no mundo actual; e a elevación do nivel dos diálogos e consultas, quedando da man do vicepresidente Biden e o primeiro ministro Wen Jiabao. Aposta EEUU por reeditar unha nova bipolaridade? H. Clinton e os líderes chineses acordaron promover un diálogo integral para “falar de todo”, dando a entender que os asuntos espiñentos da axenda (dende os dereitos humanos ata o déficit comercial ou o cambio climático) serán encarados cunha perspectiva que afonde na confianza e a comprensión mutua. O pragmatismo, en suma, conducírase a través dun diálogo máis institucionalizado que resume tanto ese estado de interdependencia mutua como a necesidade inapelable de contar con China para resolver a crise financeira estadounidense. O dólar muda de cor.



En Tokio, primeira parada da xira asiática de Hillary Clinton, a secretaria de Estado de EEUU manifestou interese en reunirse con Ozawa Ichiro, líder da principal forza opositora, adiantándose a ese máis que probable cambio no goberno xaponés, que pechará o longo ciclo político iniciado na posguerra.

*Xulio Ríos, director do Igadi.*